

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Anuncio do 18 de marzo de 2009 polo que se somete a información pública a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Mondoñedo.

En cumprimento do disposto nos artigos 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e 13 e 14 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, sométese, para os efectos e durante o prazo que logo se precisa, a seguinte documentación:

-Modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial de Mondoñedo (Lugo): sométese a información pública polo prazo dun mes contado a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Durante os prazos referidos calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no polígono de As Fontiñas, Área Central, s/n, en Santiago de Compostela, e no concello de Mondoñedo, e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que considere pertinentes. Así mesmo, a devandita documentación aparecerá publicada na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2009.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de febreiro de 2009, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo, pola que se fai pública a adxudicación definitiva do procedemento MS-CHX1-08-048, para a contratación da subministración sucesiva de xeradores de estímulos implantables para este complexo hospitalario.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Xeral-Calde.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación Administrativa.

c) Número de expediente: MS-CHX1-08-048.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración sucesiva.

b) Descrición do obxecto: subministración sucesiva de xeradores de estímulos implantables.

c) Lotes: cinco.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG nº 219 do 11-11-2008.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Orzamento base de licitación. Importe total: 85.805,52 €. (IVE non incluído).

5. Adxudicación.

a) Data: 11-2-2009.

b) Contratista: *Cardiva, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 85.805,52 (IVE non incluído).

Lugo, 18 de febreiro de 2009.

Francisco Manuel Martínez Otero
Director xerente do Complexo Hospitalario
Xeral-Calde de Lugo

Resolución do 26 de febreiro de 2009, da Dirección da Área Sanitaria de Ferrol, pola que se anuncia a licitación, polo procedemento aberto, para a contratación da subministración sucesiva de reactivos para a identificación e sensibilidade bacteriana e arrendamento do sistema automatizado con destino ao laboratorio de microbioloxía da Área Sanitaria de Ferrol MS-ASF1-09-008.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde. Área Sanitaria de Ferrol.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Subministracións (unidade de contratación).

c) Número de expediente: MS-ASF1-09-008.

2. Obxecto do contrato.